

Acta da reunión do Consello de Departamento**ASISTENTES**

Álvarez Sabucedo, Luis M.
Anido Rifón, Luis E.
Blanco Fernández, Yolanda
Burguillo Rial, Juan C.
Caeiro Rodríguez, Manuel
Costa Montenegro, Enrique
Fernández Iglesias, Manuel J.
Fernández Veiga, Manuel
Fernández Vilas, Ana
García Duque, Jorge
Gil Castiñeira, Felipe
Gil Solla, Alberto
González Castaño, Francisco J.
López Ardao, José C.
López Bravo, Cristina
López García, Cándido A.
López Nores, Martín
Mikic Fonte, Fernando Ariel
Pazos Arias, José Juan
Rodríguez Pérez, Miguel
Rodríguez Rubio, Raúl F.
Santos Gago, Juan M.
Suárez González, Andrés

Fondo Ferreiro, Pablo
Liz Domínguez, Martín

López Escobar, Juan José

Gesto Gayoso, Anxo
González González, Jaime
Rúa Estévez, José Manuel

ESCUSAN ASISTENCIA

Herrería Alonso, Sergio
Llamas Nistal, Martín
Rodríguez Hernández, Pedro S.

ESCUSADOS (sen convocar)

Arriba Pérez, Francisco de
García Méndez, Silvia
Rivas Costa, Carlos

Estévez Caldas, Alberto
Pacheco Lorenzo, Moisés
Pérez Vaz, Rubén

Delgado von Eitzen, Jaime Christian

Acta da sesión ordinaria do Consello de Departamento de Enxeñaría Telemática do 10 de maio de 2023, convocada para as 12:30 horas en primeira convocatoria e para as 13:00 horas en segunda convocatoria na Sala de Xuntas da E.E. de Telecomunicación.

O 19 de maio de 2023 ás 13:00 horas deu comezo a reunión ordinaria do Consello de Departamento co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, de actas anteriores.

Non tendo recibido alegacións, queda aprobada a acta do día 8 de marzo de 2023.

2. Informe do Director.

O Director informa sobre os seguintes puntos:

- Tras as eleccións do pasado marzo e tamén por cambios a membros natos, hai novos membros no consello do departamento ós que o director da a benvinda.
- Non hai información extra ó respecto do real decreto lei sobre organización dos departamentos máis alá da recibida en xeral pola comunidade universitaria.
- Sobre a comisión de reforma do plan de estudio do grao o director informa da súa última reunión, quedando á espera dos pasos seguintes por parte da dirección do centro.
- Sobre a reclamación da praza de asociado, o director traslada a información recibida directamente dos implicados, e dicir, farase efectiva a baixa do profesor asociado Carlos Zamorano Pinal en canto o novo profesor asociado Marcos Mouriño García tome posesión.
- Sobre o saldo para biblioteca de 916,12€, o director informa que han de comprometerse 265,98€ antes do vindeiro 31 de maio, polo que se esperan a peticións, a priorizar segundo gastos previos da partida.

3. Aprobación, se procede, do POD 23–24.

O director informa do POD acadado, de ampla conformidade dos profesores implicados, e coa salientable circunstancia de ter chegado docencia en inglés ó final da lista, é dicir a praza de profesor asociado P4 ocupada actualmente por Carlos Zamorano Pinal e previsiblemente no curso que ven por Marcos Mouriño García, ningún deles con acreditación precisa para impartir docencia en inglés. Este último presentárase á proba en xullo, ademais de ter impartido xa docencia en inglés na Universidad Carlos III. O plan de resolución inclúe:

1. Consultar ó vicerreitorado correspondente a posible suficiencia da experiencia previa de Marcos Mouriño García para a impartición da docencia en inglés.
2. Paso por parte do subdirector de organización académica Pedro Comesaña Alfaro do grupo da materia do primeiro cuatrimestre Servizos de Internet a docencia en castelán/galego. Ídem para as do segundo cuatrimestre, Programación II e Arquitectura de Ordenadores, de chegar alá sen a acreditación en inglés.

Apróbase, por asentimento, o POD 23–24.

4. Aprobación, se procede, de solicitudes de docencia en simultaneidade.

O director informa da novidade da normativa onde xa non se esixe que titorice o director da tese. O director presenta as cinco solicitudes realizadas por Andrea Busto Castiñeira, David Candal Ventureira, Pablo Fondo Ferreiro, Silvia García Méndez y Martín González Soto. As cinco solicitudes son aprobadas por asentimento.

5. Rogos e preguntas.

Jaime González González informa de ter recibido mensaxe de correo electrónico sobre a reserva da data para o consello de departamento pero non o da convocatoria, e de non ter acceso á documentación en Moovi. O secretario informa de que mirará onde foi o seu erro para non ter chegado, e de que ó acceso a Moovi actívase baixo demanda explícita vía correo electrónico. O director comenta que parece que a convocatoria foi a outro grupo.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13:21 do día 19 de maio de 2023, da que eu como Secretario do Departamento dou fe co visto e praxe do Director.

O Director do Departamento

O Secretario do Departamento

Dr. D. Luis E. Anido Rifón

Dr. D. Andrés Suárez González